

REGULAMENTO DE GRUPOS DE TRABALLO

XUÑO 2020

ÍNDICE

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS	1
CAPÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS	1
Art. 1. Obxecto	1
Art. 2. Ámbito de aplicación.....	1
Art. 3. Obxectivos dos Grupos de Traballo	2
CAPÍTULO II. CONSTITUCIÓN DOS GRUPOS DE TRABALLO.....	2
Art. 4. Constitución dos grupos de traballo	2
Art. 5. Convocatoria	3
CAPÍTULO III. COMPOSICIÓN DOS GRUPOS DE TRABALLO	3
Art. 6. Composición	3
Art. 7. Compoñentes do Grupo de traballo	3
Art. 8. Funcións das/os compoñentes do Grupo de traballo	4
CAPÍTULO IV. FUNCIONAMENTO DOS GRUPOS DE TRABALLO.....	4
Art. 9. Funcionamento dos Grupos de Traballo	4
Art. 10. Compromisos dos Grupos de Traballo	5
Art. 11. Financiamento dos Grupos de Traballo	5
CAPÍTULO VI. DEREITOS E OBRIGAS DOS E DAS COMPOÑENTES DOS GRUPOS DE TRABALLO 6	
Art. 12. Dereitos.....	6
Art. 13. Obrigas	6
CAPÍTULO VII. DISOLUCIÓN DOS GRUPOS DE TRABALLO	7
Art. 14. Disolución dos Grupos de Traballo	7
CAPÍTULO VIII. APLICACIÓN E ENTRADA EN VIGOR	7
Art. 15. Aplicación e desenvolvemento.....	7
Art. 16. Entrada en vigor	7
ANEXOS	7
ANEXO I. MODELO DE ACTA DE REUNIÓN	8
ANEXO II. MEMORIA DE ACTUACIÓN: CONTIDOS MÍNIMOS	8
ANEXO III. MODELO DE DOCUMENTO DE PROTECCIÓN DE DATOS.....	8
ANEXO IV. MODELO DE DIETAS DE DESPRAZAMENTO	8
ANEXO V. CLÁUSULA DE CONFIDENCIALIDADE.....	8

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os Grupos de Traballo pretenden ser unha ferramenta activa e flexible que permita potenciar o compromiso do Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia (COTSG) coa profesión e cos/as profesionais que representa, ao promover o estudo das necesidades deste colectivo en distintos ámbitos de traballo, introducindo novas propostas para a resolución de problemas comúns e favorecendo o desenvolvemento e ampliación de coñecementos en áreas de traballo social e servizos sociais que están menos desenvolvidas.

A constitución e posta en funcionamento de Grupos de Traballo debe realizarse dun xeito minucioso, establecendo uns criterios de composición e funcionamento cunha base común, independentemente de que a área temática que desenvolvan sexa diferente.

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Art. 1. Obxecto

O presente regulamento ten como obxecto o establecemento das normas e criterios que regularán a creación e desenvolvemento dos Grupos de Traballo no Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia.

Art. 2. Ámbito de aplicación

O ámbito de aplicación do presente regulamento extenderase a todos os Grupos de Traballo constituídos no COTSG que respondan ás características, compoñentes e carácter que se recollen no mesmo.

Establécense tres tipos de grupos de traballo en función da súa natureza:

- a) **Comisións técnicas:** mesas ou consellos técnicos cun enfoque científico formadas por persoas con experiencia laboral e/ou formativa acreditada na área de traballo a tratar. Os criterios de acceso defínense previamente na convocatoria de cada comisión en concreto. Por exemplo: Comisión de Coordinación de SAF, Comisión Técnica en Xénero, etc.
- b) **Grupos de traballo:** formados por persoas voluntarias con interese nunha materia en concreto, co obxectivo de visualizar distintas perspectivas de abordaxe, tanto a nivel profesional (abrindo novos campos de traballo) como vindicativo (loitando pola defensa e visibilidade da poboación) como de formación (propoñendo actividades formativas). Por exemplo Grupo de traballo social en educación, Grupo de traballo social e feminismo, etc.
- c) **Grupos puntuais:** os formados cun plan ou proxecto concreto que finalizarían no momento que rematase o plan. Por exemplo un grupo de traballo para realizar unhas xornadas de saúde mental.

Art. 3. Obxectivos dos Grupos de Traballo

- Asesorar, informar e formular propostas no eido do grupo de traballo, para mellorar a cualificación e o desenvolvemento profesional.
- Elaborar documentos ou informes sobre a súa situación e perspectivas profesionais (ex. Boas prácticas profesionais, ferramentas útiles para a profesión, protocolos de actuación, etc.)
- Propiciar a homoxeneidade dentro das/os profesionais do traballo social no campo de actuación do grupo de traballo, colaborando con outras asociacións de profesionais, colexios ou sociedades de Galicia e baixo as directrices do Consello Xeral de Traballo Social.
- Informar periódicamente das actuacións e actividades ao COTSG para realizar unha planificación consensuada de actividades e non duplicar esforzos, respectando a autonomía dos grupos de traballo.
- Traballar na procura de novos campos de traballo para ás e os profesionais do traballo social.
- Impulsar e fomentar a Investigación e o Desenvolvemento no eido específico de cada Grupo de Traballo.
- Propor contidos para actividades formativas, mesas de debate, relatorios, etc.
- Deseñar actividades de divulgación para a cidadanía.
- Colaborar no deseño e desenvolvemento de accións para a celebración de datas relevantes do Traballo Social.
- Propiciar a redacción de artigos, escritos ou novas para publicar no blog e nos medios de comunicación do COTSG.

CAPÍTULO II. CONSTITUCIÓN DOS GRUPOS DE TRABALLO

Art. 4. Constitución dos grupos de traballo

Os Grupos de Traballo constituiranse respondendo a unha demanda ou necesidade concreta promovida:

- **Polo COTSG:** por necesidade estratéxica do colectivo representado.
- **Por persoas colexiadas:** facilitando o desenvolvemento dunha actividade no eido científico ou profesional que dea resposta ás demandas existentes.
- **Por iniciativa allea ao Colexio,** promovendo a colaboración con outros colectivos.

No momento de constitución do grupo, as persoas que o integren remitirán á Xunta de Goberno un escrito coa composición, obxectivos, funcións e data prevista de inicio de actividade, información que se recollerá nunha acta de constitución (seguindo o modelo do ANEXO I).

A constitución do grupo deberá ser aprobada pola Xunta de Goberno do COTSG a cal se relacionará principalmente cos coordinadores/as do grupo elixidos. A totalidade de comunicacións, dúbidas, problemas, necesidades, etc que se presenten no grupo de traballo deberán dirixirse ao COTSG mediante correo electrónico, co obxecto de ter constancia e data de presentación.

Os Grupos de Traballo constituídos antes da data de aprobación do presente regulamento, na reunión seguinte a dita data, deberán actualizar e remitir ao COTSG a listaxe de participantes e as cláusulas de

protección de datos (ANEXO III) e de confidencialidade (ANEXO V) asinadas por todas/os as/os compoñentes do grupo, xunto co nome da persoa coordinadora de dito grupo.

Art. 5. Convocatoria

A convocatoria para a constitución de novos Grupos de Traballo no Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia estará aberta ao longo de todo o ano.

CAPÍTULO III. COMPOSICIÓN DOS GRUPOS DE TRABALLO

Art. 6. Composición

Considerarase “*Grupo de traballo*” o formado por:

1. Un mínimo de 5 persoas reunidas/os co propósito de traballar nun tema ou materia que redunde no beneficio común da colexiación. Excepcionalmente a Xunta de Goberno poderá admitir, previo informe de viabilidade motivado por parte das/os promotoras/es da conformación dese grupo, que o número de persoas que compoñan o grupo sexa superior.
2. Os grupos poderán contar puntualmente e cunha finalidade concreta con outras/os profesionais de diferentes ámbitos cando se estime beneficioso para o seu funcionamento, A participación de dita/os profesionais non colexiadas no COTSG deberá ser autorizada previamente pola Xunta de Goberno.
3. Estarán permanentemente abertos á participación de calquera persoa colexiada/o interesada/o no tema buscando sempre o dinamismo e a máxima calidade.

Art. 7. Compoñentes do Grupo de traballo

Cada grupo de Traballo contará cos seguintes roles:

- 7.1. Responsable:** membro da Xunta de Goberno ou persoal do COTSG asignada como referente para o eido profesional, ademais de servir de apoio documental dos informes efectuados polo grupo.
- 7.2. Coordinador/a:** persoa dinamizadora e facilitadora das reunións e espazos de encontro do Grupo de traballo. Canle de comunicación entre o Grupo de Traballo e o COTSG. No momento de constitución do grupo, as persoas que o integren elixirán ao seu **coordinador/a**.
- 7.3. Participantes:** as persoas colexiadas que desexen formar parte dun Grupo de Traballo deberán solicitalo por escrito enviando os documentos de protección de datos (ANEXO III) e confidencialidade (ANEXO V) debidamente cubertos e asinados. Será a Xunta de Goberno e/ou o COTSG a/o encargada/o de avaliar dita solicitude e de comunicarlle a data a partir da cal poderá incorporarse á dinámica de traballo.

Art. 8. Funcións das/os compoñentes do Grupo de traballo

8.1. Responsable:

- Actualizar a listaxe de participantes de cada grupo: altas, baixas, cambio de datos persoais, etc
- Elaborar e facilitar a documentación administrativa precisa para as reunións: folia de sinaturas, folia de confirmación de asistencia, revisión e etc.
- Colaborar na adaptación da documentación facilitada pola persoa coordinadora aos modelos utilizados no COTSG: actas, memorias, etc.
- Reservar os espazos solicitados para as reunións (presencial ou telemático).
- Transmitir as comunicacións entre as persoas coordinadoras ou participantes dos Grupos de Traballo e a Xunta de Goberno cando fose preciso (solicitude de alta, baixa, etc).
- Facilitar e impulsar a marcha e bo funcionamento dos Grupos de Traballo cando sexa preciso.
- Arquivar a documentación do Grupo de Traballo no servidor do COTSG.

8.2. Coordinador/a:

- Representar ao grupo de traballo e ser o enlace coa persoa responsable
- Convocar as reunións en colaboración co COTSG usando preferentemente soportes dixitais.
- Dirixir as sesións de Grupos de Traballo.
- Facilitar e comunicar ao COTSG a seguinte información:
 - Proxecto de actividades a desenvolver.
 - Convocatoria, data e lugar das reunións. Se o grupo necesítase as instalacións do COTSG para a súa actividade, deberá solicitalo por escrito cun mínimo de cinco días hábiles adaptándose á dispoñibilidade de espazos e horarios do COTSG. Se pola contra, deciden unha xuntanza telemática o procedemento sería do mesmo xeito.
 - Os documentos xerados polo traballo do grupo.
 - Cambio do/a coordinador/a do grupo, de ser o caso.
 - Altas e baixas dos membros do grupo con, alomenos, 10 días naturais de antelación. Asemade indicarse o motivo da baixa (renuncia da persoa interesada, falta de asistencia...).
 - Memoria anual (ANEXO II).

8.3. Participantes: colaborar e traballar a prol do cumprimento dos obxectivos, fins e liñas de traballo fixadas por e para os grupos en cada momento.

CAPÍTULO IV. FUNCIONAMENTO DOS GRUPOS DE TRABALLO

Art. 9. Funcionamento dos Grupos de Traballo

Os Grupos de Traballo terán como marco os Estatutos do COTSG e o Código Deontolóxico da profesión, **autorregulándose de forma autónoma** á Xunta de Goberno, con independencia de que algún membro desta poida formar parte dun grupo de traballo en concreto.

As reunións e sistemas de traballo terán carácter assembleario. Do mesmo xeito, os acordos deberán procurar o consenso da totalidade das persoas participantes, constando en acta as discrepancias salientables.

En cada reunión redactarase unha acta, incluíndo como mínimo, o nº de colexiación das persoas asistentes e xeito de participación (presencial ou telemático), nº de colexiación das persoas ausentes, orde do día, acordos tomados e rogos e preguntas (ANEXO I). As copias das actas deberán enviarse ao COTSG no prazo máximo de 10 días naturais tras a realización da reunión.

Periódicamente informarase ao COTSG das actividades realizadas, tendo o cauce de comunicación sempre aberto (preferentemente mediante correo electrónico para deixar constancia) para realizar suxerencias ou propostas que queiran aportar.

Art. 10. Compromisos dos Grupos de Traballo

10.1. Cada grupo de traballo actuará identificándose como “Grupo de traballo do COTSG” aínda que teñan unha estrutura e unha temática individualizada.

10.2. Cada grupo de traballo presentará unha **memoria anual de actividades** que debe incluír, como mínimo, o listado actualizado das persoas que forman parte do Grupo de Traballo e actividades nas que participaron (asistencia ás reunións e modo, ben sexa de xeito presencial ou telemático, colaboración na elaboración de documentos ou realización doutros traballos a prol do funcionamento do Grupo de Traballo), baixas, as actividades realizadas e a previsión de actuacións e orzamento para o ano seguinte (ANEXO II). Como norma xeral, a memoria deberá ser enviada antes do 15 de decembro de cada ano, a fin de podela insertar na memoria xeral do COTSG. Para a elaboración desta memoria contarase coa colaboración do persoal do COTSG.

10.3. A colexiación poderá ter acceso aos documentos elaborados nos grupos, se se considera de interese para o Grupo formado e a Xunta de Goberno. Non se poderá facer uso particular con fins individuais dos documentos.

10.4. Os dereitos de autoría xerados a partir de calquera produción científica (“propiedade intelectual”) e calquera rendimento obtido corresponderán ao COTSG.

10.5. Cada grupo de traballo debe utilizar a imaxe corporativa do COTSG en todas as súas actividades e publicacións.

Art. 11. Financiamento dos Grupos de Traballo

O COTSG farase cargo dos gastos de desprazamento das persoas colexiadas participantes dos grupos que asistan ás reunións de traballo, así coma dos gastos de dietas e desprazamento derivados da asistencia ás reunións e actos de representación aos que asistan en nome do COTSG, previa autorización da Xunta de Goberno (ANEXO IV).

Os grupos de traballo poderán solicitar ao COTSG financiamento para accións concretas presentando un orzamento acompañado do proxecto de actividade e a xustificación de gastos correspondente.

CAPÍTULO VI. DEREITOS E OBRIGAS DOS E DAS COMPOÑENTES DOS GRUPOS DE TRABALLO

Art. 12. Dereitos

As persoas integrantes dos grupos terán o dereito a:

- Ser informadas da marcha do grupo
- Realizar as aportacións que consideren oportunas relacionadas cos obxectivos e actividade do grupo
- Participar nos actos de visibilización do grupo
- Obter un certificado de participación no grupo sempre que se cumpra coas obrigas redactados no Art.13. deste regulamento.
- abono dos gastos de desprazamento ocasionados polas reunións ou actividades do grupo

Art. 13. Obrigas

As persoas integrantes dos grupos terán a obriga de:

- Cumprir o regulamento dos grupos de traballo e a normativa que rixe o COTSG.
- Cubrir axeitadamente e asinar o Documento de Protección de Datos Acordo de Confidencialidade persoal e remitilo ao COTSG no momento de solicitar a inclusión no Grupo de Traballo (ANEXO III). Sen a recepción deste documento no COTSG, non se procederá á alta como membro de dito grupo
- Participar (de xeito presencial ou telemático) como mínimo no 50% das reunións convocadas ao ano.
- Non comprometer ao COTSG coas opinións xeradas no desenvolvemento do seu traballo sen consentemento expreso da xunta de goberno.
- Non identificarse como integrante dos grupos de traballo do COTSG en actividades ou documentos que poidan supoñer un desprestixio para a sociedade ou falta de acordo coa mesma, porque:
 - O contido da actividade ou documento esté en contradición co avalado polo resto das persoas integrantes dos grupos de traballo, ou por algún outro grupo de traballo do COTSG.
 - Na actividade, documento ou proxecto prima o interese persoal sobre o do colectivo.
 - Reporten beneficio de calquera tipo, a título exclusivamente persoal, non extensible ao resto dos membros do grupo de traballo do que forman parte, nin o colectivo de traballadores/as sociais no seu conxunto.

O incumprimento das anteriores obrigas comportará a baixa automática no grupo de traballo da persoa integrante.

CAPÍTULO VII. DISOLUCIÓN DOS GRUPOS DE TRABALLO

Art. 14. Disolución dos Grupos de Traballo

A Xunta de Goberno reservarase o dereito de disolución de calquera grupo de traballo sempre e cando se incumpra o recollido neste regulamento.

Os grupos tamén poderán disolverse:

- Por vontade do grupo.
 - A disolución do grupo por vontade do grupo, deberá solicitarse por escrito á info@traballosocial.gal e á persoa Responsable con alomenos 5 días naturais de antelación á data de finalización, tras presentar a documentación xerada polo grupo no Rexistro do COTSG
- Por finalización da actividade.
- Por falta de actividade. Neste suposto, se a necesidade que motivou a creación do grupo de traballo segue vixente, procurarase a revitalización do grupo coa incorporación de novas participantes e a redefinición de obxectivos ou fórmulas de traballo.
 - Neste senso, a Xunta de Goberno poderá disolver o grupo formado por falta de actividade.

A disolución do grupo debe ser aprobada, en calquera caso, en Xunta de Goberno do COTSG.

CAPÍTULO VIII. APLICACIÓN E ENTRADA EN VIGOR

Art. 15. Aplicación e desenvolvemento

A Xunta de Goberno adoitará acordos ou circulares complementarias en aplicación e desenvolvemento deste Regulamento para o bo fin da actividade colexial, se fose preciso.

Art. 16. Entrada en vigor

Este Regulamento entrará en vigor o mesmo día de su aprobación en Xunta de Goberno.

ANEXOS

ANEXO I. MODELO DE ACTA DE REUNIÓN

ANEXO II. MEMORIA DE ACTUACIÓN: CONTIDOS MÍNIMOS

ANEXO III. MODELO DE DOCUMENTO DE PROTECCIÓN DE DATOS

ANEXO IV. MODELO DE DIETAS DE DESPRAZAMENTO

ANEXO V. CLÁUSULA DE CONFIDENCIALIDADE